

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 8 de agosto de 2012 pola que se fai público o esgotamento do crédito previsto na Resolución do 2 de abril de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convocan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o ano 2012.*

Con data do 12 de abril de 2012 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 70, a Resolución do 2 de abril de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convocan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o ano 2012.

Unha vez esgotado, con data do 6 de agosto de 2012, o crédito previsto no artigo 4 da dita resolución, de conformidade co disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é preciso facelo público e acordar a inadmisión das solicitudes presentadas con posterioridade á dita data.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das atribucións que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Facer público o esgotamento, o 6 de agosto de 2012, do crédito previsto na Resolución do 2 de abril de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convocan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o ano 2012 e acordar a inadmisión das solicitudes presentadas con data posterior, todo isto de acordo co disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2012

J. Santiago Camba Bouzas  
Secretario xeral da Emigración